

DGP

Reunión do grupo de traballo

18/07/2024

Este martes reuniuse o grupo de traballo da DGP. Da reunión destacamos os seguintes puntos:

Situación de persoal. A CIG manifestou a súa preocupación porque máis da metade dos postos do cadro de persoal están vacantes e non parece que se estea facendo nada por paliar o problema. Tamén destacamos que ó contrario do que pasa na maior parte dos organismos da Administración do Estado, as vacantes dos servizos periféricos son un 20% superiores ás dos servizos centrais.

Produtividade. A CIG pediu reducir o presuposto das partidas destinadas a traballos en xornada superior á normal e en Plans específicos DNI/pasaporte e estranxeiros para pasalo ó presuposto da produtividade variable por obxectivos. Deste xeito, primaríase o traballo feito na xornada ordinaria recibindo os mesmos cartos pero sen necesidade de ter que facer máis horas.

A representación da Administración estaría de acordo coa proposta pero di que precisa cubrir as vacantes para facelo.

A realidade é que se están usando as produtividades para paliar a falta de persoal e non o bo traballo en xornada de mañá.

Concursos. O concurso xa convocado debería estar resolto en setembro e parece que non teñen presa por sacar un novo.

Novos vehículos de expedición de documentación. Está prevista a súa posta en funcionamento no 2025. É posible que en outubro se conte con algunha unidade pero serían moi poucas.

Comisións de servizo. Neste momento os postos cubertos en comisión de servizos na Galiza son os seguintes:

Coruña	11
Lugo	5
Ourense	3
Pontevedra	10

Lembramos que todos os postos que se queiran cubrir en comisión de servizos deben ser ofertados a todo o persoal para que poida pedilos.